



Repoliño repulaino  
quen te me dera repolo  
quen te me dera repolo  
na miña quinta plantado.

O ghateiro de Santiagho  
tócacha a ghaita moi ben,  
aínda millor a tocaba  
si lle poñen a sartén.

O muíño traina traina  
e aghua para treinar  
as filliñas do muiñeiro  
rabean por se casar-e.

O carballo de Portela  
ten a folla revirada  
que lla revirou o aire  
unha mañá de xiada.

E o arrieriño das nenas  
é de tres en tres semanas  
cando estaba mal os meses  
xa che dín que están preñadas.

Eu pedín a unha nena  
no porteliño do prado  
ela díxome que non podía  
que estaba o prado mollado.

Eu requerín a nena  
no coteliño do prado  
ela respondeume que non podía  
tiña o cú furado.

Unha noite no muíño,  
unha noite non é nada,  
pero unha semana enteira  
eso sí que é muiñada.

Arrieriño Manuel,  
deixa descansar as mulas,  
tamén os máis arrieiros  
deixan descansa-las súas.



(O cura e maila criada)  
intentaron de cocer-e  
a leña estaba no monte,  
a fariña sin moer-e.

O cura cando vai fóra  
déixalle dito a criada,  
veña tarde veña cedo  
déitate na miña cama.

Hai muiña hai ruada  
vide mozos e mozas  
á foliada.

O páxaro cando chove  
mete o rabo na silveira,  
así fai o bo mozo  
cando non ten quen o queira.

Unha volta polo medio  
outra polo arredor-e  
así fai o que ben baila  
así fai o balador-e.

Pasei pola túa porta  
ergín os ollos e vin  
i un letreiro que decía:  
“Eu para tí non nacín”.

Adiós José bendito,  
y adiós María,  
adiós miña preciosa  
del alma mía.

E o meu amor foi e veuse  
eu por el que non chorara,  
que non lle dera máis pena  
que o non mortificara.

Apagha a lus, Maripepa,  
apagha a lus  
que xa non podó dormir  
con tanta lus.

Son voltas, son voltas  
que o mundo dá,  
son voltas as da mocedá.



Unha vella moi ben vella  
máis vella que un salamanque  
botou un peido na cama  
fixo recachála manta.  
La, la, la...

Ai vai, ai vai  
ai vai carballo  
e si non lle cabe á filla  
halle de caber á nai.

Canta rula, canta rula,  
canta rula naquel souto,  
que más mal che vai ruliña  
o que espera o que ten outro.

Xa fun a Marín  
as pernas che vin  
aquele moucho negro  
tirouchese a min,  
tirouchese a min,  
tirouchese a min,  
xa fun a Marín,  
as pernas che vin.